



Revista Galega de Economía

ISSN: 1132-2799

mcarmen.guisan@gmail.com

Universidade de Santiago de Compostela
España

OUTES RUSO, XOSÉ LUIS
O COLAPSO DO CAPITALISMO ESPAÑOL: LECCIÓN E PREGUNTAS PARA DESPOIS DUNHA
CRISE

Revista Galega de Economía, vol. 21, setembro, 2012, pp. 91-118

Universidade de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=39124534005>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

O COLAPSO DO CAPITALISMO ESPAÑOL: LECCIÓN E PREGUNTAS PARA DESPOIS DUNHA CRISE

XOSÉ LUIS OUTES RUSO
Universidade de Vigo

Recibido: 26 de xaneiro de 2012

Aceptado: 7 de maio de 2012

Resumo: Neste traballo expónse o desenvolvemento da economía española ao longo do ciclo económico 1996-2008, que orixinou unha estrutura produtiva na que predominan sectores de baixa produtividade non expostos á competencia internacional. A irrupción da crise financeira deixou en evidencia as debilidades e os desequilibrios do capitalismo español, o que provocará que esta crise sexa en España moito máis duradeira, deixando no noso país unhas secuelas moito máis profundas que nas demais economías da área euro.

Palabras clave: Crise económica / Estrutura produtiva / Desemprego / Produtividade e custos laborais na economía española.

THE COLLAPSE OF SPANISH CAPITALISM: LESSONS AND QUESTIONS AFTER A CRISIS

Abstract: This contribution presents the development of the Spanish economy during the economic period from 1996 to 2008 towards a production structure based on low productivity sectors not exposed to external competitiveness. The breaking out of the international financial crisis has demonstrated the deep weaknesses and the lack of balance of the Spanish capitalism, which will provoke that this crisis will last longer and will have greater consequences in Spain than in most of the other economies of the Euro area.

Keywords: Economic crisis / Production structure / Unemployment productivity / Labour costs and Spanish economy.

"La ortodoxia no ha sido nunca una cualidad del espíritu, sino tan sólo una necesidad del poder".

José Ángel Valente: *La experiencia abisal.*


1. INTRODUCCIÓN

Durante o período 1994-2007 a economía española experimentou unha forte fase de expansión con taxas de crecemento anuais do PIB por riba da media do resto dos países da UE, e que alcanzaría o seu máximo nivel entre os anos 2000 e 2007, despois da entrada en vigor da moeda única. Unha fase de expansión que estivo acompañada de dous fenómenos pouco frecuentes na economía española: unha forte creación de emprego e unha taxa de inflación que, aínda que era superior á media da UE, se situaba a niveis por baixo dos alcanzados en España nos últimos trinta anos (gráfica 1).

Durante este longo período expansivo gabábase acriticamente un modelo de crecemento que incorporaba todos os ingredientes dunha bomba de relojería, como son a expansión do sector da construción e, sobre todo, da construción de vivendas; o forte crecemento da demanda interna e o endebedamento dos fogares; e un crecente déficit na balanza comercial, factores que se viron potenciados pola política

de baixos tipo de xuro practicada polo Banco Central Europeo (BCE) entre os anos 2001 e 2004. Con todo, ao longo destes anos as contradicións e os desequilibrios facíanse cada vez máis evidentes, dificultades que se pretendían ocultar co discurso fetichista do crecemento económico do que presumían os responsables da política económica.

Gráfica 1.- Evolución do PIB e do IPC en España



NOTA: Ano 2012: previsión froito da media dos Institutos (FUNCAS: -0,5% / BBVA: 1,0%).

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE).

2. A CRENZA ABSOLUTA NO MODELO NEOLIBERAL IMPÍDELLES AOS RESPONSABLES POLÍTICOS ACEPTAR A POSIBILIDADE DUNHA CRISE ECONÓMICA

A crise económica actual, que se inicia co derrubamento do sistema financeiro en EE.UU. no verán de 2007, e que se transmitiu cunha gran celeridade á economía real a ambos os dous lados do Atlántico, é tamén o fracaso do modelo neoliberal levado á práctica durante as últimas décadas. Con todo, e antes do comezo da crise do capitalismo globalizado, outras crises afectaban seriamente o sistema, como son a crise alimentaria, a crise enerxética ou a inestabilidade no mercado de cambios á que non son alleos os déficits na balanza comercial de EE.UU. e o déficit público.

A extrema pobreza na que vive unha gran parte da poboación mundial, e que se traduciu nun espectacular incremento dos fluxos migratorios, o incremento da desigualdade entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, así como o déficit de democracia en amplas zonas do mundo, son unha mostra fidedigna da seriedade da crise. Á súa vez, durante as dúas últimas décadas as propostas neoliberais baleiraron de contido ámbitos importantes da actividade estatal e da acción dos gobernos en materia de política económica. Á privatización dos servizos públicos en áreas como a sanidade, a educación ou os servizos sociais, seguiu, entre outros ámbitos, o abandono da función reguladora que os bancos centrais deberían ter exercido sobre a banca privada e o sistema financeiro en xeral (Martín Seco, 1995; Montes, 1993).

Coa irrupción da crise máis profunda desde os anos trinta do pasado século, permanecen no esquecemento os slogans de moda dos anos oitenta de “*máis mercado e menos Estado*”, ou o que xa dixeran no seu día o presidente de EE.UU. Ronald Reagan, “*o Estado non é a solución, o Estado é o problema*”.

En poucos países o desastre neoliberal foi tan contundente como o está sendo en España. As cifras falan por si soas, e as contradicións entre traballo e capital xa non se poden ocultar tras a cortina de fume das cifras coas que nos bombardeaban os fetichistas do crecemento económico nos últimos anos do *boom*. Con todo, chama a atención o comportamento do Goberno español unha vez que se desata a crise. Primeiro, negando a posibilidade dunha crise económica en España, e despois amosando unha extrema carencia de ideas para afrontar unha crise tan severa. Desde o outono de 2007 ata o outono de 2008, o Goberno non reacciona ante a crise.

Malia que ao longo dos anos 2006 e 2007 os principais indicadores económicos xa anunciaban claros síntomas de desaceleración económica, o Goberno resístese a aceptar que a economía española entre en crise. Aparentemente, a confianza no modelo neoliberal é tan grande que lles impide aos responsables da política económica un achegamento obxectivo á realidade, amparándose na vella fórmula de que o mercado o resolve todo. Na primavera de 2008, pouco despois das eleccións xerais, cando os indicadores económicos anunciaban unha evolución preocupante, o Goberno aínda traballa cunha previsión de crecemento do PIB do 3,1% para ese mesmo ano. Sería en xullo de 2008 cando se admite por primeira vez a dificultade de manter ese obxectivo de crecemento, e rebaixa a previsión ata o 2,9%, cando o Banco de España xa operaba cunha previsión do 2,4% e os institutos de investigación non dependentes do Goberno prognosticaban unha taxa de crecemento do PIB por baixo do 2%. Mesmo o Fondo Monetario Internacional (FMI) actuaba cunha previsión de crecemento do 1,8% do PIB español no ano 2008 que, finalmente, crecería tan só o 0,9% (INE, 2008).

A postura negacionista do Goberno español non se podía manter por moito tempo, e xa avanzado o verán de 2008, e ante a evidencia dos fortes descenso na actividade económica e dun galopante incremento do paro, tivo finalmente que aceptar que España entraba en recesión. Así e todo, o Goberno adopta unha postura nihilista, segundo a cal, no caso de que a crise afectase a España, non tería as consecuencias que estaba tendo noutras economías, pois se afirmaba que España estaba mellor preparada que as demais economías da área euro. As previsións do Goberno español para o bienio 2009-2010 mantivéronse na mesma liña, moi afastadas dos prognósticos dos diversos institutos de investigación tanto nacionais coma estranxeiros.

Así, mentres que o Goberno español operaba cunha taxa de crecemento do PIB do 3,6% para o ano 2009, a OCDE prognosticaba un descenso de -4,2%, unha previsión que se aproximaría ao -4,4% co que descendería a actividade económica ese mesmo ano. Os responsables gobernamentais continuaron defendendo unhas pre-

sións totalmente desfasadas e sen base obxectiva ningunha, pois ao finalizar o primeiro semestre do ano 2009 o PIB xa caera un -4,2%. Polo que respecta ao ano 2010, as previsións do Goberno seguían sendo tan pouco realistas e se mantiñan tan afastadas das previsións da OCDE que prognosticaban unha caída do PIB próxima ao 0,9% (La Caixa, 2009; Banco de España, 2009).

O optimismo do Goberno non só non era realista senón que, ademais, se manifestou como un factor clave de desestabilización. Cando o axente principal en materia de política económica lanza mensaxes contraditorias e pouco cribles, os demais axentes responden con reaccións extremas ante a escasa confianza que emana do axente principal. A realidade faría esquecer as manifestacións autocomplacentes, segundo as cales a economía española estaba mellor preparada que as demais economías da Unión Europea para afrontar a crise; unha postura inxenua se se ten en conta que ao finalizar xuño de 2009 as economías de Alemaña e Francia crecearon con taxas próximas ao +0,3%.

A posición dos responsables da política económica española mantívose en liñas xerais ata finais do terceiro trimestre do ano 2011. Así, oficialmente traballábase cunha previsión de crecemento do PIB do 1,3% para o ano 2011, mentres que a maioría dos institutos de análise prognosticaban un crecemento próximo ao 0,7%, unha taxa coa que probablemente finalizará ese exercicio. O forte estancamento da economía española ao longo do segundo semestre do ano 2011 consolidou unha nova fase de recesión, de modo que as previsións para o ano 2012 se moven entre un descenso do PIB en -0,5%, segundo a FUNCAS ou o Servizo de Estudos da CECA, e unha suba do 1,0%, segundo o BBVA. Se se ten en conta o conxunto dos institutos de análise económica, o PIB español no ano 2012 podería caer cunha taxa dun -1,7%, é dicir, cinco décimas menos que no ano 2011. De confirmarse, estaríamos ante unha nova recesión que poría en serio perigo os obxectivos nos que se centrou a política económica: a redución do déficit e da débeda pública (FUNCAS, 2009).

Como contrapunto a estes prognósticos, e cunha taxa de paro do 18% en xuño de 2009, a FUNCAS xa traballaba sobre a hipótese tan realista como dramática de que a taxa de paro en España podería alcanzar no ano 2010 unha taxa media anual do 21,1%. Unha previsión que se aproximaría á taxa finalmente alcanzada: o 21,29% no ano 2010.

Ao finalizar o ano 2011, o paro rexistrado situouse en 5.273.600 persoas, que representa o 22,85% da poboación activa. Con todo, e considerando as previsións de crecemento da economía española para o ano 2012, non é descartable que a taxa de paro se sitúe preto dun 22%, o que significa que puntualmente ao longo do ano 2012 a taxa de paro poderá alcanzar un 24%, unha taxa similar á alcanzada no ano 1993 pero cunha maior poboación activa.

Unha primeira conclusión permite afirmar que a crenza de que o mercado o resolve todo ten os seus custos e, nunha sociedade de clases, adoitan ser os máis débiles os que soportan as maiores cargas.

3. A EXPANSIÓN DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E A BURBULLA INMOBILIARIA

O volume dos investimentos que se levan a cabo nunha economía e os sectores económicos a onde estes se dirixen é un referente importante para entender a dinámica da acumulación do capital capitalista e o seu posterior desenvolvemento.

A actividade investidora permite explicar o papel que desenvolve a produtividade, a tecnoloxía empregada no proceso produtivo, así como a demanda de forza de traballo e a súa cualificación, determinando, en definitiva, o modelo de crecemento dunha economía. Neste sentido, a fase de crecemento da economía española entre os anos 1994 e 2007 é un bo exemplo diso.

A actividade investidora permite, así mesmo, explicar o modo de crecemento e a posterior evolución da economía. O investimento en España creceu durante o período 1994-2007 cunha taxa media dun 7% anual, unha taxa de crecemento moi por riba da taxa coa que creceu o PIB durante ese período (3,7%) (táboa 1). O investimento do sector privado entre os anos 1994 e 2007 dirixiuse de modo prioritario ao sector da construción, que pasou de representar o 56% do investimento total no ano 1994 ao 61% no ano 2007, ao tempo que o investimento público no sector da construción caeu catro puntos porcentuais para situarse en tan só o 9% do investimento total no ano 2007. A actividade investidora na construción de vivendas experimentou unha forte suba, pois se no ano 1994 atraía o 25% do investimento total, este subiría ata o 38% no ano 2007 (BBVA e IVIE, 2009).

Táboa 1.- Composición do investimento

SECTOR	1994	2007
Vivenda	25,0%	38,0%
Construción	31,0%	23,0%
Infraestruturas públicas	13,0%	9,0%
Maquinaria, material de equipo	15,0%	12,0%
TIC	8,0%	9,0%
Equipo de transporte	8,0%	9,0%
TOTAL	100,0%	100,0%

FONTE: BBVA e IVIE (2009).

Pola contra, o investimento privado no sector da construción dirixido á construción de novos centros de produción ou ampliación reduciuse durante ese mesmo período en oito puntos, ata situarse no 23% do total dos investimentos. A suma total do investimento –público e privado– no sector da construción pasou de representar o 69% do total dos investimentos no ano 1994 ao 71% no ano 2007.


A acumulación do capital privado dirixiuse sobre todo ao sector inmobiliario, onde a obtención de grandes beneficios estaba asegurada, en lugar de fomentar o investimento produtivo naqueles sectores que poderían contribuír a un maior incremento da produtividade. O capital privado preferiu dirixir os seus investimentos cara a aqueles sectores –como a construción de vivendas– que non están expostos á

competencia internacional. Dese modo, non só se aseguraba un beneficio por riba da media, senón que se estaba xerando unha estrutura produtiva que, unha vez instalada a crise a partir do ano 2008, mostraría graves carencias.

Neste contexto, é sintomático que ao longo destes anos a política neoliberal conducira a que o investimento do Estado en obra pública se reducira nunha proporción similar –catro puntos porcentuais– á que diminuíu o investimento privado no sector de nova maquinaria e bens de equipo –tres puntos porcentuais– (gráfica 2).

Este é un factor clave para explicar o modelo de crecemento que dominou a economía española nos anos previos ao colapso e que, xunto coa presenza da burbulla inmobiliaria, aínda engadiría máis dificultades para abordar adecuadamente a crise económica (BBVA e IVIE, 2009).

Gráfica 2.- Evolución dos prezos por tipos de activos
1994=100



NOTA: VI: Vivendas; OC: Outras construcións; IP: Infraestruturas públicas; MM: Maquinaria, material de equipo e outros produtos sen TIC; ET: Equipo de transporte; TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación.

FONTE: BBVA e IVIE (2009).

Durante o período 1991-2001 a media anual de vivendas construídas en España foi de 374.019 unidades, mentres que nos anos do *boom* inmobiliario (2001-2008) a media de vivendas construídas anualmente foi de 660.503, alcanzándose no ano 2006 o máximo nivel con 847.769 vivendas construídas (Ministerio de Vivenda, 2009) (táboa 2).

Neste sentido, cómpre facer referencia a tres aspectos fundamentais: 1) o incremento da actividade inmobiliaria que, sobre todo a partir do ano 2001, estivo acompañada dunha espectacular suba dos prezos da vivenda; 2) o xurdimento do fenómeno de sobreproducción no sector da vivenda que, sobre todo nos últimos anos do *boom*, cun crecente excedente do número de vivendas construídas sobre o número de vivendas vendidas, é unha mostra máis das imperfeccións do mercado e,

sobre todo, da fortaleza da burbulla especulativa; e 3) o incremento do endebedamento das familias para acceder á compra dunha vivenda en propiedade, o que, unha vez instalada a crise, contribuiría a uns maiores niveis de endebedamento e morosidade, a unha progresiva caída da demanda e, en consecuencia, a unha intensificación da crise. Froito de todo isto foron as apreciables subas durante o período 1997-2007 do prezo do metro cadrado da vivenda nova (táboa 3), que se incrementou nun 180% e pasou dos 1.036 euros/m² no ano 1997 aos 2.905 euros/m² no ano 2007 (TINSA, 2009; Martínez Pages e Maza, 2009).

Táboa 2.- Evolución histórica do parque de vivendas en España

ANO	NÚMERO	INCREMENTO
1950	6.687.200	
1960	7.726.400	1.039.200
1970	10.658.882	2.932.482
1981	14.726.134	4.067.252
1991	17.206.363	2.480.229
2001	20.946.554	3.740.191
2002	21.722.757	776.203
2003	22.359.162	636.405
2004	23.174.792	815.630
2005	23.918.413	743.621
2006	24.626.384	707.971
2007	25.376.597	750.213
2008	26.230.579	853.982
2009	26.768.715	538.136

FONTE: Banco de España.

Táboa 3.- Prezo medio da vivenda nova

ANO	VALOR MEDIO euros/m ² (nominal)	DIFERENZA	ANO	VALOR MEDIO euros/m ² (nominal)	DIFERENZA
1985	326,00		1999	1.187,00	9,0%
1986	413,00	26,7%	2000	1.335,00	12,5%
1987	535,00	29,5%	2001	1.453,00	8,8%
1988	682,00	27,5%	2002	1.667,00	14,7%
1989	858,00	25,8%	2003	1.931,00	15,8%
1990	933,00	8,7%	2004	2.286,00	18,4%
1991	931,00	-0,2%	2005	2.516,00	10,1%
1992	919,00	-1,3%	2006	2.763,00	9,8%
1993	917,00	-0,2%	2007	2.905,00	5,1%
1994	954,00	4,0%	2008	2.712,00	-6,6%
1995	989,00	3,7%	2009	2.558,00	-5,7%
1996	1.002,00	1,3%	2010	2.476,00	-3,2%
1997	1.036,00	3,4%	2011	2.376,00	-4,0%
1998	1.089,00	5,1%			

FONTE: TINSA.

O exceso de oferta de vivenda construída sobre a demanda agudizouse durante os últimos anos do ciclo expansivo, de modo que ao finalizar o ano 2007 se acumu-

laban un total de 800.000 vivendas sen vender, ás que se lles sumarían outras 500.000 vivendas máis no ano 2008, co que a comezos do ano 2009 o total do stock de vivendas sen vender era de 1.300.000, que supoñía unha carga excesiva para unha economía con fortes signos de debilidade para afrontar unha crise destas características (García Montalvo, 2008, p. 106). A evolución na construción de novas vivendas e a matriculación de automóviles durante os últimos anos do *boom* poñen de manifesto que os vectores de consumo e de financiamento sen límites sentaron as bases para o colapso que xa se anunciaba (táboa 4).

Táboa 4.- Vivendas de obra nova e matriculación de automóviles

PERÍODO	VIVENDAS OBRA NOVA (diferenza sobre o mesmo período do ano anterior)	MATRICULACIÓN DE AUTOMÓBILES (diferenza sobre o mesmo período do ano anterior)
2006	18,6%	
2007	-24,7%	-1,2%
2008-TI	-59,8%	-19,6%
2008-TII	-56,0%	-32,5%
2008-TIII	-62,0%	-46,6%
2008-TIV	-60,0%	-43,0% (abril 2009)
2009-TI	-64,0%	-45,6% (maio 2009)

FONTE: Ministerio de Vivenda e Dirección Xeral de Tráfico.

Durante o período 1995-2000, o capitalismo español xerou unha estrutura produtiva cunha excesiva presenza do sector da construción. Ao finalizar o ano 2007 a estrutura produtiva concentraba o 17% do emprego total en España, chegando a representar o 16% do PIB, unha participación que se eleva ata o 23% do PIB se se lle suma a participación indirecta no PIB daqueles sectores que se ven arrastrados pola actividade no sector da construción. A burbulla inmobiliaria e a expansión do sector servizos durante os últimos anos contribuíron á expansión dunha estrutura produtiva intensiva en man de obra, caracterizada por un escaso nivel de cualificación profesional, baixos niveis salariais e baixa produtividade. Todo isto explica que na fase expansiva do ciclo económico con maior actividade (2000-2005) se crearan preto de 2.300.000 novos postos de traballo (INE, 2008) (táboa 5).

Así, mentres que entre os anos 2005 e 2007 no conxunto dos países da UE-25 se destrúe ou apenas se xera emprego para as persoas co nivel educativo máis baixo, en España durante eses anos creáronse 327.000 postos de traballo desas características (IESE e Adecco, 2007). Durante o período 2000-2006, o nivel de emprego no sector servizos e naqueles que empregan obreiros menos cualificados subiu 2,1 puntos porcentuais, mentres que as ocupacións máis cualificadas –sobre todo técnicos– incrementaron a súa participación en tan só 1,6 puntos porcentuais (CC.OO., 2007, p. 19, táboa 5) (táboa 6).

Segundo os datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) (2006), 11,1 millóns de asalariados españois, que representan o 64,2% do total, obtiñan uns ingresos inferiores aos 16.000 euros anuais, e daqueles, 6,2 millóns situábanse entre os 13.400 e os 16.000 euros anuais, o grupo social coñecido como “milleuristas”.

Táboa 5.- Evolución da estrutura do emprego asalariado por ocupacións

OCUPACIÓNS	2000	2006	DIFERENZA
1. Dirección das empresas e da Administración Pública	2,1	2,3	0,2
2. Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	12,6	12,7	0,1
3. Técnicos e profesionais de apoio	10,7	12,1	1,4
4. Empregados de tipo administrativo	11,9	10,7	-1,2
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedor de comercio	15,4	16,8	1,4
6. Traballadores cualificados en agricultura e pesca	1,3	1,1	-0,2
7. Artesáns e traballadores cualificados de industrias manufactureiras, construción e minería	17,3	16,6	-0,7
8. Operadores de instalacións e maquinaria; montadores	11,2	9,7	-1,5
9. Traballadores non cualificados	16,9	17,5	0,6
0. Forzas armadas	0,6	0,5	-0,1
TOTAL	100,0	100,0	

FONTE: INE: *Encuesta de Población Activa*.**Táboa 6.-** Distribución dos asalariados por tramos de salarios. Salario bruto percibido ao longo dun ano

TRAMOS SALARIAIS EN EUROS (1)	NÚMERO DE PERCEPTORES		ESTRUTURA		
	1994	2004	1994	2004	Diferenza
Menos SMI	3.128.908	4.934.843	28,8%	28,5%	-0,3%
Entre SMI e 16.000	3.496.981	6.189.051	32,2%	35,7%	3,5%
Entre 16.000 e 32.000	3.136.497	4.532.092	28,9%	26,2%	-2,7%
Entre 32.000 e 48.000	732.192	1.123.934	6,7%	6,5%	-0,3%
Entre 48.000 e 64.000	207.405	315.513	1,9%	1,8%	-0,1%
Entre 64.000 e 80.000	76.529	109.992	0,7%	0,6%	-0,1%
Máis de 80.000	73.906	115.339	0,7%	0,7%	0,0%
TOTAL	10.852.418	17.320.764	100,0%	100,0%	

NOTA: (1): Tramos salariais con poder adquisitivo equivalente entre os anos 1994 e 2004.

FONTE: Gabinete Técnico Confederal de CC.OO. a partir dos datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

Entre os anos 1994 e 2004 o total de traballadores que percibían un salario bruto anual inferior aos 16.000 euros pasou de 6.625.889 persoas (60% do total) a 11.123.894 asalariados (64,2% do total), un incremento de 4.498.005 asalariados pertencentes ao segmento salarial máis baixo e de menor cualificación, un fenómeno ao que, sen dúbida ningunha, non foi alleo o forte incremento de man de obra inmigrante durante eses anos.

O capitalismo español viuse así favorecido pola súbita aparición dun enorme “exército de reserva” protagonizado pola inmigración, que durante o período 1996-2008 pasou de 923.879 a 5.220.000 persoas; un factor de enorme dinamismo que non só contribuíu á expansión do sector servizos, da agricultura e da construción, senón que ademais actuou como freo para conter as subas salariais en sectores –sobre todo o sector servizos e a agricultura– onde a capacidade de organización e de loita das organizacións sindicais é menor que no resto dos sectores económicos. Así, a poboación estranxeira en España no ano 2005 ocupábase sobre todo no sector servizos (59%), na construción (21%) e na agricultura (8%). Deste modo, Espa-

ña tivo na emigración estranxeira unha contribución apreciable ao incremento da súa riqueza ao longo destes anos (Ministerio do Interior, 2005; INE, 2005).

4. O SISTEMA FINANCIERO ESPAÑOL, A BURBULLA INMOBILIARIA E O ENDEBEDAMENTO DAS FAMILIAS

A expansión da economía española a partir do ano 2000 e a aparición da burbulla inmobiliaria non serían posibles sen a forte expansión do crédito concedido polo sistema financeiro español –bancos e caixas de aforro–. O sistema financeiro español contribuíu de maneira activa á creación e á consolidación dunha estrutura produtiva que crecía sobre unha base pouco sólida. O volume total de crédito concedido polo sistema financeiro español creceu durante o período 1997-2007 a unha taxa media anual do 17%, contribuíndo á expansión do consumo privado –que durante ese espazo de tempo creceu cunha taxa media anual do 7%– e á expansión do sector da vivenda. Foi un proceso que estivo acompañado, por unha parte, por unha permanente redución da taxa de aforro interna e, por outra, por unha forte deterioración na balanza comercial e o conseguinte incremento da débeda externa.

Como se pode observar na táboa 7, o crédito concedido ás familias para a compra de vivenda incrementouse sobre todo a partir do ano 2002, chegando a alcanzar unha taxa de crecemento interanual do 25% no ano 2006. A partir deste ano reducíronse os créditos concedidos como consecuencia da suba dos tipos de xuro polo BCE, así como pola aparición de claros síntomas de ralentización na economía española. No ano 2008 o crédito concedido só se incrementou o 4,5% en taxa interanual, e durante os primeiros seis meses do ano 2009 foi do 0,4%, a taxa máis baixa dos últimos trece anos. Con todo, a suba dos tipos de xuro e a caída nos niveis de actividade tiñan lugar á vez que a débeda total das familias españolas contraída coa banca para a adquisición de vivenda alcanzaba, ao finalizar o primeiro semestre dese ano, a cifra récord de 670.000 millóns de euros, o que representaba o 60% do PIB español. Unha evolución similar obsérvase na demanda de crédito para o consumo, que en xuño de 2009 caeu un 1% en taxa interanual, mentres que en xuño do ano anterior aínda crecía cunha taxa interanual do 9% (Banco de España, 2009).

Malia o descenso interanual, no ano 2010 o volume total de crédito concedido polos bancos e caixas de aforros ás familias –a maioría dese crédito son créditos hipotecarios para a adquisición de vivenda (677.227 millóns de euros)– supuxo un total de 908.272 millóns de euros, o que equivale ao 86% do PIB. Unha evolución similar presenta o crédito concedido polo sector bancario español ás empresas nese mesmo ano, que se reduciu nun 0,2% e que alcanzou un volume de 1.312.952 millóns de euros. Polo tanto, ao finalizar o ano 2010 o total da débeda crediticia contraída polas familias e polas empresas españolas co sistema bancario alcanzou 1,96 billóns de euros, o que equivale ao 185% do PIB español.

Táboa 7.- Evolución dos créditos hipotecarios (diferenza anual)

ANO	PARA ADQUISICIÓN DE VIVENDA	TOTAL
2002	12,0%	18,0%
2003	14,0%	18,0%
2004	16,0%	22,0%
2005	25,0%	25,0%
2006	20,0%	30,0%
2007	13,0%	25,0%
2008	4,5%	8,0%
2009	0,4%	4,0%
2010	-0,1%	-5,0%

FONTE: Banco de España: *Boletín mensual* (xuño de 2010).

A forte caída da demanda de crédito por parte das familias tivo lugar nun contexto dominado por unha forte redución na actividade económica, con taxas de crecemento negativas do PIB e cun alarmante incremento do desemprego, á vez que o tipo de xuro fixado polo BCE se situaba nun mínimo histórico do 1% e o tipo de xuro de referencia para os créditos hipotecarios –o euribor– quedaba nun 1,3%.

A consecuencia de todo isto, e malia a caída nos tipos de xuro entre os anos 2001 e 2005, a ratio entre débeda e renda familiar en España pasou de representar o 70% no ano 2000 a supoñer o 120% no ano 2007, unha evolución que está acompañada dunha forte caída na taxa de aforro das familias froito do exceso de consumo e do endebedamento (táboa 8).

Táboa 8.- Aforro dos fogares con respecto á renda bruta dispoñible

ANO	ÍNDICE
1995	16,5%
1996	16,8%
1997	15,8%
1998	13,7%
1999	12,3%
2000	11,2%
2001	10,9%
2002	11,2%
2003	11,4%
2004	10,3%
2005	10,4%
2006	10,0%
2007	10,1%
2008	12,9%
2009	18,8%

FONTE: Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE).

A evolución do crédito para a compra da vivenda en España é unha mostra de como un dereito ancorado na Constitución española de 1978, como é o acceso a

unha vivenda digna, se viu entorpecido por uns prezos que para a maioría dos cidadáns se situaban por riba da súa capacidade adquisitiva. Esta circunstancia foi aproveitada polo sistema bancario para conseguir uns beneficios que se situaban claramente por riba da media dos demais sectores económicos, á vez que se xeraba unha burbulla especulativa que provocaría a quebra do sistema económico.

Os datos proporcionados polo Banco de España son elocuentes: en xuño de 2008 –pouco antes de que se desatara a crise das “hipotecas lixo” e o colapso de numerosas entidades financeiras en EE.UU.– o 70% dos fogares españois estaban endebedados, e o 12% das familias tiñan que destinar o 46,5% da súa renda ao pagamento do crédito da vivenda (Banco de España, 2008, p. 70). Esta situación era especialmente grave no caso da poboación máis nova, que para acceder á compra dunha vivenda tiña que dedicar o 86% da súa renda ao pagamento do crédito hipotecario, segundo os datos facilitados polo Observatorio Joven de Vivienda (García Montalvo, 2008; *El País*, de 10/06/09).

A todo isto contribuíu a política de vivenda levada a cabo polos diferentes Gobernos nas últimas décadas, que primaron a compra da vivenda en lugar da vivenda en aluguer, unha política que, polas relacións de dependencia que xera, favorece os intereses da banca e da especulación inmobiliaria. Diversos factores contribuíron a esta situación: 1) as desgravacións fiscais para a compra da vivenda ao tempo que se discriminaba a vivenda en aluguer, o que fixo que España fose un dos países de Europa cunha menor porcentaxe de vivenda en aluguer (11,7%), fronte ao 60% en Alemaña, o 40% en Gran Bretaña ou o 32% en Francia; 2) a reducida promoción das vivendas de protección oficial (VPO), agravada desde o ano 1994, unha situación que se mantería en liñas xerais ata a actualidade, e que tivo como consecuencia deixar o mercado da vivenda en mans da iniciativa privada, o que fomentaría a burbulla inmobiliaria; 3) as mensaxes dos axentes inmobiliarios e do sistema financeiro incitando ás familias a endebedarse para acceder á compra da vivenda, facéndolles crer que a época de bonanza non se acabaría nunca, que os tipos de xuro se manterían sempre a un nivel moi baixo e que, ademais, o prezo da vivenda –como calquera outro activo financeiro– nunca baixaría, o que contribuíu de xeito significativo a esta situación. A banca colaborou así á creación da burbulla e á creación dunha economía que cada vez máis se parecía a un casino, e na que a economía real perdía peso específico.

Tampouco debe desprezarse a contribución da ideoloxía baseada na propiedade privada e as consecuencias que se derivan da dependencia das familias respecto do sistema financeiro –aínda que só sexa por medio do seu endebedamento–, así como á estabilización política e ao reforzamento da ideoloxía dominante. Neste sentido, España é un exemplo interesante. Así, no censo do ano 1950 –censo que se realizou na época da ditadura franquista, e tan só once anos despois de ter finalizado a Guerra Civil– había en España máis vivendas en aluguer que en propiedade, pero a situación cambiaría a partir da década de 1950, cando a política de vivenda da ditadura se orientou á promoción da vivenda en propiedade co obxectivo de crear unha

clase media propietaria e de asegurarse, dese modo, un amplo apoio político e ideolóxico.

Este modelo, en liñas xerais, mantívose ata a actualidade, e os seus resultados son que unha parte importante da poboación –sobre todo nos segmentos con menor nivel de renda salarial– se enfronta a un apreciable incremento do prezo da vivenda, ao tempo que hai unha escaseza relativa de vivendas en aluguer no mercado libre e que a construción de vivenda pública (VPO) é moi reducida. Así, o sistema condena aos seus propios cidadáns a ser reféns da banca, da súa débeda hipotecaria e dos especuladores inmobiliarios. A evolución da relación entre o prezo da vivenda en España e a renda familiar dispoñible, que pasa do 4,3 no ano 1995 ao 7,3 no ano 2008, é un dato significativo no que se plasma esta realidade (García Montalvo, 2008, p. 226; Banco de España: *Indicadores Económicos*).

5. DO CONSUMISMO E A BURBULLA INMOBILIARIA Á CAÍDA DA ACTIVIDADE CON ALTOS NIVEIS DE PARO

Nos anos 2006 e 2007 os principais indicadores económicos xa anunciaban síntomas claros de ralentización na economía española. A situación cambiaría radicalmente a raíz das subas dos tipos de xuro emprendidas polo BCE, que pasaron do 2% no ano 2006 ao 4,7% no ano 2007, provocando unha forte redución na concesión do crédito ás familias e ás pequenas e medianas empresas. Ao longo do ano 2008, e nos posteriores, a economía española colápsase, deixando ao descuberto as enormes debilidades dunha economía que crecera excesivamente sobre as áreas movedizas do sector inmobiliario.

A forte contracción do crédito actuou de modo explosivo e a crise trasladouse cunha maior rapidez e virulencia que no resto das economías da zona euro desde o sector financeiro ao sector real da economía. A banca española viuse obrigada a restrinxir o crédito, en parte debido ao forte endebedamento do sistema financeiro español no exterior. Como consecuencia do déficit acumulado no sector exterior, cun déficit crecente na balanza comercial –que no ano 2007 chegou ao 10% do PIB–, a finais do ano 2009 a banca española tiña que lle facer fronte a unha débeda contraída con entidades estranxeiras de 163.000 millóns de euros (Banco de España, 2009; AFI, 2009).

A crise que se estende en España cunha gran virulencia no bienio 2008-2009 traduciuse nunha espectacular suba do desemprego e na caída do consumo, da produción industrial e dos prezos da vivenda, ese activo do que os apoloxistas do neoliberalismo afirmaban que era o mellor antídoto contra o endebedamento. Así, desde o inicio da crise a comezos do ano 2008 ata xullo de 2009 o prezo da vivenda caeu un 12%, unha evolución que se mantivo nos anos posteriores.


O Ministerio de Fomento afirma que desde a fin do *boom* inmobiliario no ano 2008 ata o segundo trimestre do ano 2011 os prezos da vivenda en España caeron preto do 16,6%, mentres que Tinsa mantén que a redución se sitúa no 22,3%. Po-

rén, todos os indicadores apuntan a que hai unha ampla marxe para sucesivas caídas no prezo da vivenda (gráfica 3). A iso contribuirá, por unha parte, a caída da demanda e da actividade económica no ano 2012 e, por outra, a presión que os activos inmobiliarios exercen sobre o resultado dos balances das entidades financeiras, propietarias dunha gran parte do stock de vivendas acumulado. Trátase dunha evolución á que xa facían referencia tanto o Banco de España como a OCDE nos seus informes anuais sobre España no ano 2007, cando mantiñan que o prezo da vivenda en España estaba sobrevalorado entre un 20% (Banco de España) e un 30% (OCDE), cifra que *The Economist* (2008) elevaba ao 44%. Froito da espectacular caída na actividade económica, o Índice de Prezos ao Consumo (IPC) descendeu por primeira vez en décadas, situándose en xuño de 2009 en -1,4% con respecto ao mesmo mes do ano anterior.


Con todo, fronte á evolución no prezo da vivenda durante os tres últimos anos –con fortes caídas no ano 2009 ás que seguiu unha fase de calma relativa no ano 2010 e novas reducións ao longo do ano 2011–, constátase unha tendencia permanente á baixa no número de vivendas vendidas desde o ano 2006, pasando de 706.928 vivendas vendidas nese ano a 340.793 no ano 2010 e a 240.673 no ano 2011 (gráfica 4), un descenso que en termos relativos é moito maior que o experimentado polo do prezo da vivenda, o que apunta a un mercado con fortes rixideces no que as entidades financeiras dificultan un achegamento a prezos máis acordes coa situación do mercado.

A crise que xa anunciaban os indicadores económicos máis relevantes ao longo do ano 2007 trasladouse en tempo real cunha rapidez inusitada, afectando a dous dos segmentos que mellor definen o comportamento dunha parte significativa do tecido social español ao longo deses anos: os niveis de consumo e o nivel de endebedamento.

Gráfica 3.- Evolución do prezo da vivenda. Variación interanual en %



FORNTE: INE.

Gráfica 4.- Número de vivendas vendidas

FONTE: INE.

De súpeto, reduciuse a actividade na “economía de casino” que se instalara, e os clientes –cheos de pavor– abandonaron a sala de xogos, permanecendo alí tan só a banca e os *croupiers* que, cruzados de brazos, esperan recostados sobre a mesa da ruleta a que novos clientes fagan xogo. Está por ver que longa será a espera, pero todo indica que será maior do que prognosticaron os analistas máis afíns ao poder económico.

Os efectos da crise financeira e a falta de liquidez do sistema bancario español, sobre todo das caixas de aforros –que dedicaran o 40% dos seus créditos a financiar a compra de nova vivenda, a chamada “economía do ladrillo”–, trasladáronse inmediatamente á economía real. Os efectos foron inmediatos: unha redución nos niveis de produción e unha espectacular suba do paro, que tan só durante os primeiros meses do ano 2008 se incrementou en 600.000 novos parados, para situarse en outubro dese mesmo ano en 2.818.026 persoas. Así, só no mes de outubro de 2008 o paro subiu en 192.658 novos parados.

A desfeita no sector da construción, na industria e no sector servizos continuou ao longo do ano 2009, o que provocou que desde outubro de 2008 ata xuño de 2009 o número de parados se incrementase en 1,2 millóns, alcanzando un total de 4.137.500 persoas, co que a taxa de desemprego se situou no 18%, unha taxa que duplicaba a media europea, unha relación que tres anos máis tarde se mantén pero cuns maiores niveis de paro en termos absolutos.

España non só xerou a metade do desemprego total existente en Europa durante o período comprendido entre febreiro de 2008 e febreiro de 2009, senón que ademais o número de familias nas que todos os seus membros estaban xa sen traballo se elevaba a 1.118.300, unha mostra da quebra social que xera a crise actual. O desemprego subiu nun curto espazo de tempo cunha velocidade inusitada, afectando a todos os sectores económicos. Así, apenas comezada a crise en abril de 2009, o sector servizos encabezaba as cifras de paro (2.001.314 persoas), seguido da construción (701.800), da industria (413.000) e da agricultura (114.215) (INE, 2009; Eurostat, 2009) (táboa 9).

Un dos aspectos que mellor definen a crise económica en España é a rapidez e a virulencia coa que se desata nun curto espazo de tempo como consecuencia, obviamente, da fragilidade sobre a que se construíra o armazón produtivo ao longo dos doce anos (1996-2008). Unha boa mostra disto é a caída da produción industrial e da demanda de bens de consumo nos dous primeiros anos da crise.

Táboa 9.- Evolución dos índices de produción industrial (IPI), produción de bens de consumo (PBC) e importación de bens de consumo (IBC)

PERÍODO	IPI DIFERENZA	PBC DIFERENZA	IBC DIFERENZA
2004	1,6	-0,1	13,4
2005	0,6	1,1	7,9
2006	3,9	2,3	8,9
2007	2,0	1,7	5,1
2008-TI	-0,8	-0,8	-1,2
2008-TII	-5,4	-4,4	-6,9
2008-TIII	-6,3	-4,5	-4,1
2008-TIV	-16,6	-10,3	-17,2
2008	-7,3	-4,7	-7,7
2009-TI	-22,7	-12,8	-9,4

FONTE: INE.

Ao finalizar o segundo trimestre do ano 2011 a taxa de paro situouse no 21,52% da poboación activa –a máis alta de todos os países da OCDE–, con 4.978.300 de parados, e os prognósticos apuntan a que ao longo do ano 2012 se superará a cifra dos cinco millóns. A gravidade da situación represéntaa o feito de que ao longo do terceiro trimestre do ano 2011, e cunha taxa de desemprego tan alta, a destrución de postos de traballo (146.800) fose idéntica ao incremento no número de parados. En total, desde o comezo da crise perdéronse algo máis de 2,3 millóns de postos de traballo. Poucas veces as estatísticas reflicten unha situación de tanta gravidade; así, ao finalizar o ano 2011, o número de familias con todos os seus membros activos en paro elévase a 1,43 millóns (1,12 millóns no ano 2008), o paro xuvenil –os menores de 25 anos– sitúase no 45,8% e a taxa de temporalidade no 26% (táboa 10).

O incremento do desemprego, que afecta especialmente aos sectores máis intensivos en traballo, como os servizos e a construción, ten unha especial incidencia na poboación inmigrante, cuxa taxa desemprego –32% no terceiro trimestre do ano 2011– se sitúa doce puntos por riba da taxa de paro para o conxunto da poboación.

A acumulación de capital no capitalismo español, que durante o período 1994-2007 se dirixiu maioritariamente ao sector da construción, xeraría unha estrutura produtiva cun peso excesivo dos sectores intensivos en man de obra e con baixos niveis de produtividade e que, unha vez que irrompe a crise, tería consecuencias catastróficas.

Táboa 10.- Ocupación e paro en España

ANO	PARADOS	OCUPADOS
1984-TI	2.610,9	11.172,2
1987-TI	2.846,6	11.382,9
1991-TI	2.279,4	13.025,4
1995-TI	3.358,5	12.359,6
1999-TI	2.458,0	14.212,7
2001-TI	1.949,7	15.713,0
2002-TI	2.137,1	16.055,5
2003-TI	2.301,0	16.432,4
2004-TI	2.287,3	16.852,5
2005-I	2.099,0	18.492,7
2006-I	1.935,8	19.400,1
2007-TI	1.856,1	20.069,2
2008-TI	2.174,2	20.402,3
2009-TI	4.010,7	19.090,8
2010-TI	4.326,5	18.651,0
2011-TIII	4.978,3	18.241,8

FONTE: INE: *Encuesta de Población Activa*.

A forza coa que irrompe a crise financeira e a súa inmediata extensión á economía real non ten as mesmas consecuencias en todas as economías, nin sequera naquelas que forman parte dunha mesma área monetaria, como é o caso dos países da área euro. O modelo de crecemento e desenvolvemento seguido por cada economía e o papel que desenvolveron os factores máis dinámicos determinaron que o colapso non afectara a todas as economías por igual.

A evolución do PIB e da taxa de desemprego durante os primeiros anos da crise é un dato relevante para entender e ofrecerlles unha resposta coherente aos problemas económicos e sociais aos que se enfrontarán os diversos países nos próximos anos. Neste contexto, cómpre distinguir no ámbito internacional entre tres grupos de países.


O primeiro grupo estaría formado por aqueles países que mostran un maior incremento do paro, como son España e Irlanda, países onde a participación do emprego no sector da construción no emprego total era máis alta, ao situarse en ambos os dous países en torno ao 14%. Nestes países –onde a caída do PIB durante o primeiro trimestre do ano 2009 con respecto ao mesmo trimestre do ano 2008 foi do -3% en España e do -7,5% en Irlanda– incrementouse o paro en 7,3 puntos porcentuais en España e en 5,1 puntos porcentuais en Irlanda con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

No segundo grupo de países situaríanse EE.UU., Gran Bretaña e Francia, que mostran menores incrementos do paro, malia ter descensos do PIB moi similares aos de España, como é o caso de EE.UU. (-2,5%) e de Francia (-3,2%); un dato sen dúbida relevante, pois en EE.UU. o peso do emprego no sector da construción no emprego total era tan só do 3,5%, case cinco veces menos que en España e en Irlanda, e con respecto a Francia representaba case a metade (7%).

O terceiro grupo de países, entre os que figuran Alemaña e Suecia, mostran durante estes primeiros momentos da crise un reducido incremento do desemprego, xa que supón preto de 0,1 puntos porcentuais en Alemaña e de 1,8 puntos porcentuais en Suecia, malia que o PIB experimentou caídas do 6,9% en Alemaña e do 6,4% en Suecia entre o primeiro trimestre do ano 2008 e o mesmo trimestre do ano 2009. A esta evolución non pode ter sido allea a estrutura produtiva, o peso dos diversos compoñentes na formación bruta de capital fixo e, máis concretamente, o peso do emprego do sector da construción no emprego total, que en ambos os dous países se sitúa no 6,5%, case a metade que en Irlanda e en España (gráfica 5).

As consecuencias da burbulla especulativa parecen evidentes e as repercusións inmediatas sobre a actividade económica deixáronse sentir de modo inmediato, pero con resultados diferentes duns países a outros. Á marxe doutras consideracións, como son o papel do *kurzarbeit* ou dos *minijobs* no caso de Alemaña, tres anos máis tarde a economía española entra de novo en recesión, cunha taxa de crecemento do PIB no ano 2011 de tan só o 0,7%, mentres que a economía alemá crece cunha taxa do 3,5% e a taxa de desemprego se sitúa no 6% (La Caixa, 2009).

Gráfica 5.- Taxa de paro e variación do PIB (en puntos porcentuais)



NOTA: ES: España; IR: Irlanda; US: Estados Unidos; UK: Reino Unido; FR: Francia; DE: Alemaña; JP: Xapón; NL: Holanda; SE: Suecia.

FONTES: INE, OCDE e Eurostat.


6. INEFICIENCIA E DESIGUALDADE NO CAPITALISMO ESPAÑOL. POR QUE A CRISE EN ESPAÑA SERÁ MÁIS DURADEIRA QUE NOUTROS PAÍSES DA ZONA EURO? PREGUNTAS E LECCIÓN DESPOIS DUNHA CRISE

A pesar da dureza da crise, os responsables da política económica en España manifestaron reiteradamente desde o comezo da crise –no terceiro trimestre do ano 2008– ata ben entrado o ano 2010 que a economía española estaba en mellores condicións ca o resto das economías da UE para afrontar a crise económica. Os

principais indicadores económicos expoñían unha realidade ben distinta. É este un aspecto importante, pois non só se estaban atrasando as medidas necesarias para afrontar unha crise de amplo espectro, senón que ademais se estaba provocando unha reacción baseada na falta de credibilidade nos axentes responsables da política económica.

Desde comezos dos anos oitenta do pasado século, a distribución da riqueza en España entre salarios e beneficios modificouse case de modo permanente a favor dos beneficios empresariais. É esta unha evolución que se inicia a comezos da década de 1980, cando a participación dos salarios no PIB era do 51,55% (1980) e a dos beneficios do 41,16%, unha situación que se modificou, sobre todo no período 2005-2008, cando as rendas empresariais pasan do 41,82% do PIB ao 43,73% no segundo trimestre do ano 2008 (gráfica 6).

Gráfica 6.- Reparto da riqueza nacional (en porcentaxe sobre o PIB)



NOTA: RA: Remuneración de asalariados; EBE-RM: Excedente bruto de explotación e rendas mixtas; INPI: Impuestos netos sobre a produción e as importacións.

FONTE: INE.

A deterioración da distribución da renda en España tivo como resultado que se-xa un dos países europeos cun dos maiores coeficientes de Gini: un 34,7%, fronte a un 28,3% de Alemaña, un 24,7% de Dinamarca e un 25% de Suecia. Malia ter logrado un crecemento do 30,7% do PIB *per capita* no período 1994-2004 e unha suba do 43,9% nas horas traballadas, os niveis salariais seguen sendo dos máis baixos da zona euro (Zinn, 2008, p. 82), unha circunstancia que non lle impediu ao Goberno de Rodríguez Zapatero eliminar o imposto sobre o patrimonio co argumento de que afectaba negativamente sobre todo á clase media. Segundo Gestha –o Sindicato dos Técnicos do Ministerio de Facenda–, a reinstauración do imposto sobre o patrimonio, que afectaría a máis de 35.000 cidadáns que teñen un patrimonio superior a 1,5 millóns de euros, suporía un incremento dos ingresos do Estado en preto de 1.000 millóns de euros (*El Economista*, 2009).

Pola contra, a desigualdade na distribución da renda e a crecente participación dos beneficios na renda nacional tivo lugar á vez que o poder adquisitivo do salario medio en España subiu tan só un 0,4% no período 1997-2008, unha vez descontada a inflación. Segundo o *Euroíndice Laboral* de IESE e Adecco, o salario medio en España situouse no primeiro trimestre do ano 2008 en 1.992 euros, fronte aos 3.607 euros de Gran Bretaña, os 3.061 euros de Alemaña, os 2.615 euros de Francia e os 2.331 euros de Italia. Por outra parte, España é un dos países europeos que ten unha maior presenza de economía somerxida, que se calcula entre un 21% e un 23%; reducila á media europea significaría un incremento de aproximadamente 25.000 millóns de euros para as arcas públicas e preto de 13.000 millóns de euros como ingresos adicionais correspondentes ás cotas da Seguridade Social.

Por outra parte, a crecente participación dos beneficios empresariais no PIB non se traduciu nunha mellora da produtividade da economía española con respecto ás economías máis desenvolvidas da zona euro. Así, desde comezos dos anos oitenta do pasado século –xusto desde que se inicia a perda de peso específico dos salarios na renda nacional–, o diferencial na produtividade do traballo entre España e os principais países da UE –sobre todo Alemaña, Francia e Gran Bretaña– fíxose cada vez maior, ata situarse no ano 2005 un 25% por baixo dos tres países mencionados. A todo isto cómpre engadir que no ano 2004 o stock de capital tecnolóxico español –expresado en porcentaxe do PIB– só era dun 5,35%, menos da metade do nivel alcanzado nos países da UE-15 (12,3%) e case a terceira parte do stock tecnolóxico de EE.UU. (15,2%) (Gual *et al.*, 2006) (táboas 11 e 12).

Táboa 11.- Taxas de crecemento da produtividade do traballo e da produtividade total dos factores (PTF) en España, na UE-15 e en EE.UU., 1979-2005

ZONA	PRODUCTIVIDADE	1979-1990	1990-1995	1995-2000	2000-2005	1995-2005
España	Produtividade do traballo	2,98	1,85	0,87	1,06	0,97
	PTF	2,04	0,74	0,66	0,26	0,46
UE-15	Produtividade do traballo	2,23	2,31	1,64	1,38	1,51
	PTF	1,62	1,47	1,27	0,81	1,04
EE.UU.	Produtividade do traballo	1,26	1,24	1,86	3,11	2,48
	PTF	0,95	0,93	1,47	1,95	1,71

FONTE: Gual *et al.* (2006, p. 16).

Táboa 12.- Diferenciais de crecemento da produtividade do traballo en España con respecto a EE.UU. e á UE-15, 1979-2005

ZONA	1979-1990	1990-1995	1995-2000	2000-2005	1995-2005
EE.UU.	1,72	0,61	-0,99	-2,05	-1,51
UE-15	0,752	-0,468	0,334	-0,056	-0,546

FONTE: Gual *et al.* (2006, p. 16).

Trátase dunha diverxencia que tamén se constata no gasto en I+D, que en España alcanzou no ano 2008 só un 1,1% do PIB, malia terse incrementado un 178% durante o período 1995-2006, un gasto que está financiado en máis dun 60% polo

sector público, mentres que ese mesmo ano o gasto en I+D en Alemaña foi dun 2,5% e nos países escandinavos superou con creces o 3% (Cotec, 2009).


As relacións de produción capitalistas en España son o maior impedimento para o desenvolvemento do propio sistema, e cando unha economía pertence a unha zona coma a do euro, iso significa unha menor capacidade de competir fronte ás economías capitalistas máis eficientes.

O capitalismo español preferiu orientar a súa actividade cara a aquelas actividades que lle aseguraban os maiores beneficios. As políticas neoliberais dos respectivos Gobernos –foran socialdemócratas ou conservadores– baseáronse nun modelo que, unha vez que entra en recesión, pon ao descuberto as súas enormes debilidades e contradicións.

Pola súa parte, a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) considera que a saída da crise ten que chegar por medio dunha redución dos salarios e dun abaratamento do despedimento, un argumento utilizado para pór en práctica a reforma laboral permanente, unha medida que, ademais de non ter conseguido o seu obxectivo, contribuírá a incrementar aínda máis a desigualdade.

Aparentemente, aos empresarios españois non lles é suficiente con dispoñer dunha das maiores vantaxes competitivas no que respecta aos custos laborais, en comparación co resto das empresas da Unión Europea. Así, segundo os datos do Gabinete Técnico Confederal de CC.OO., os custos laborais en España representan un 54,5% do valor de cada unidade producida (*unit labour costs*), mentres que na eurozona supón un 56,7% (CC.OO., 2009; IESE e Adecco, 2009) (gráfica 7).

Gráfica 7.- Custos laborais por unidade de produto, 2006



NOTA: ES: España; IT: Italia; DE: Alemaña; FR: Francia; UK: Reino Unido.

FONTE: Gabinete Técnico Confederal de CC.OO.

Desde mediados dos anos noventa do pasado século, os partidos maioritarios –o PP e o PSOE– defendían a redución de impostos como a solución aos problemas

económicos. Demagoxicamente, argumentábase que unha menor presión fiscal lles permitiría aos cidadáns dispor dunha maior liberdade ante a dilapidación do Estado, pero non se explicaba como unha sociedade deficitaria en bens públicos e cun crecente número de persoas dependentes –moitas delas sen acceso ás axudas deseñadas na Lei de dependencia–, e cunha pirámide demográfica invertida, pode facerlles fronte ás necesidades sociais de amplos sectores sociais cun sector público con menor capacidade recadatoria. De maneira subliminar, argumentábase que “*o Estado é o problema e que o mercado o resolve todo*”. Paradoxalmente, aqueles que reclamaban unha diminución do papel do sector público, proponendo unha redución xeneralizada dos impostos, serían os primeiros en esixir que o Estado acudise en axuda das entidades financeiras en crise.

Con todo, o derrubamento do sistema financeiro internacional e o contaxio da crise ao sector real da economía empeoraron drasticamente as contas públicas, de modo que desde o ano 2007 o déficit público creceu permanentemente. Así, no primeiro ano da crise (2008) os impostos recadados pola AEAT reducíronse en 27.223 millóns de euros con respecto ao ano 2007 (-13,6%), pasando nun ano dun superávit dun 1,8% con respecto ao PIB no ano 2008 a un déficit do 11,1% no 2009 e a un 9,3% no 2010, sendo a previsión para cando finalice o ano 2011 de preto dun 8% do PIB, unha cifra moi afastada dos criterios esixidos no Tratado de Maastricht.


Ante a evolución da economía española durante o ano 2011 e coa entrada nunha nova fase de recesión, a Comisión Europea interpretaba como pouco realistas as previsións do Goberno español de alcanzar un déficit público dun 6% no ano 2011 e dun 4,4% e dun 3%, respectivamente, nos dous anos posteriores. A caída na actividade económica no ano 2011 e os efectos dunha nova recesión no ano 2012 orixinarán unha nova deterioración nas contas públicas, co que o déficit se reducirá menos do previsto e a débeda acumulada se situará claramente por riba do 60% esixido no Tratado de Maastricht.

As medidas restritivas postas en práctica, cunha apreciable diminución do gasto público, non só reducirán a demanda agregada, a actividade económica e unha maior taxa de desemprego, senón que incrementarán a débeda e os gastos financeiros do Estado. Así, a débeda pública acumulada podería situarse ao finalizar o ano 2011 nun 69,3% do PIB. As previsións da Comisión sitúan a débeda pública nun 73,8% para o ano 2012 e nun 78% do PIB para o ano 2013. A ortodoxia neoliberal non só é un axente activo en todo o proceso de deterioración económica e social, senón que tamén é vítima da inestabilidade e das contradicións dun sistema que ela mesma potenciou (AEAT, 2008; INE, 2008) (gráfica 8).

As medidas postas en práctica ao longo do ano 2010 como, entre outras, a conxelación das pensións, a redución do salario dos funcionarios públicos, a suba do IVE ou a redución do gasto público, non dispoñen do potencial necesario nin suficiente como para facerlle fronte a unha crise que, pola súa propia natureza, esixe unha maior e profunda intervención do Estado e do sector público. Porén, outras

medidas que si poderían contribuír á redución do déficit e da débeda pública, como son a loita contra a fraude fiscal e contra a economía somerxida, o restablecemento do imposto sobre o patrimonio, unha maior fiscalidade das rendas do capital, unha reforma das SICAV, así como unha reforma fiscal cunha maior progresividade, non parecen estar na axenda dos responsables da política económica española (gráfica 9).


Gráfica 8.- Evolución do déficit (en porcentaxe do PIB)



NOTA: Anos 2012 e 2013 segundo a previsión da Comisión Europea.

FONTES: Tesouro Público de España e Eurostat.

Gráfica 9.- Evolución da débeda pública (en porcentaxe do PIB)



NOTA: Anos 2012 e 2013 segundo a previsión da Comisión Europea.

FONTES: Tesouro Público de España e Eurostat.

A todo isto engádese o feito de que o gasto social en España representa o 20,8% do PIB –un dos máis baixos da Unión Europea–, fronte ao 32,0% de Suecia, o 30,1% de Dinamarca ou o 29,4% de Alemaña, á vez que a presión fiscal en España

—a recadación tributaria en relación co PIB— é do 36,7%, fronte ao 44,5% de Francia, o 37,4% de Gran Bretaña ou o 50,1% de Suecia (Navarro, 2006).

A duración da crise actual dependerá da solución que se lle dea, por unha parte, á crise do sistema financeiro e, por outra, á renovación e á reestruturación dun aparato produtivo excesivamente inclinado a sectores de baixa produtividade, como son a construción e o sector servizos. Á solución dos problemas de financiamento da economía real podería contribuír unha banca pública como a que existía ata os anos oitenta do pasado século. Pola súa parte, a renovación da estrutura do aparato produtivo necesita de políticas industriais e de planificación que promovan o investimento naqueles sectores da economía real que substitúan aos sectores actualmente dominantes na economía española.

A maioría das medidas que se están tomando para facerlle fronte á crise teñen como eixe principal incidir sobre os salarios e o gasto público. Resulta sorprendente que se volvan cometer os mesmos erros que na crise do ano 1929, cando se agravou a crise con medidas que reducían a contribución do Estado á demanda agregada final.

As mensaxes que recibe a opinión pública por parte dos poderes fácticos remítense a dúas variables que en si mesmas non son as responsables da crise económica: o nivel salarial e a débeda pública.

Calquera comparación do nivel salarial español co das demais economías da zona euro ofrece un cadro ben distinto: os niveis salariais nin son máis altos nin tampouco evolucionaron de modo que puidesen pór en perigo os beneficios empresariais desde o comezo da fase expansiva no ano 1996.

Por outra parte, no subconsciente colectivo si calou a mensaxe do poder económico e financeiro, segundo o cal o problema fundamental da economía española é o alto nivel da débeda pública. Os datos debuxan unha realidade ben distinta: a débeda privada en España —froito do endebedamento das empresas e das familias— representa aproximadamente o 200% do PIB, mentres que a débeda pública se aproxima ao 70% do PIB.

Calquera comparación con outras economías da área euro proporciona unha imaxe favorable a España. Así, a débeda pública alemá sitúase en torno ao 80%, e os responsables da “ortodoxia liberal”, desde o Banco Central Europeo ata a Comisión Europea, permitiron que países como Italia e Bélxica entrasen a formar parte da área euro aínda que incumprían co nivel máximo de débeda pública, que en ambos os dous casos se situaba en niveis que duplicaban o 60% permitido polo Tratado de Maastricht.

Durante a época expansiva nas economías europeas, fundamentalmente durante os oito primeiros anos de vixencia do euro como moeda única, os responsables da estabilidade non se preocuparon en exceso da débeda destes países. En calquera caso, culpar á débeda pública dos males das economías da área euro non deixa de ser un argumento que non se sostén: en Alemaña a débeda é dun 80% do PIB e en Xapón achégase ao 240% do PIB, e non teñen problemas de financiamento da súa dé-

beda, aínda que é certo que por diversos motivos. A confianza nestas economías ten outros factores que serven como referentes, e non tanto o nivel da súa débeda.

No caso de España sorprende que os responsables da política económica non reaccionaran nin ante o excesivo déficit na balanza comercial nos cinco anos previos ao comezo da crise nin ao exceso de endebedamento tanto do propio sistema financeiro, con respecto ao exterior, como das empresas e das familias.

Tanto na crise que afectou a Xapón nos primeiros anos deste século como actualmente nalgúns países da área euro a situación é moi semellante á que definía J.M. Keynes como a trampa da liquidez. Con tipos de xuro próximos ao 1% –e nalgúns casos ao 0%–, a actividade investidora é moi baixa, e os mercados son incapaces de superar unha situación de atonía. Nestas circunstancias, a política monetaria é ineficaz e a contribución do sector público preséntase como a solución ao problema. Nos primeiros anos deste século Xapón non dubidou en recorrer ao sector público para superar unha crise na que tamén o sector financeiro e a crise inmobiliaria desenvolveron un papel destacado. Xusto o contrario do que se está facendo.

No caso da economía española, a crise ten ademais unhas connotacións adicionais máis graves que noutros países da área euro. Á herdanza dunha estrutura produtiva centrada en sectores de baixa calidade e produtividade, cómpre engadirlle a enorme destrución de capital que vai ter lugar ao longo desta crise. Unha vez superada a crise, o capital fixo terá que ser renovado con nova maquinaria e tecnoloxía máis avanzada, e para iso necesitarase financiamento que permita levar a cabo estes novos investimentos, pois suponse que a capacidade de autofinanciamento é reducida.

Se á duración da crise se lle engaden as dificultades das empresas para acceder ao crédito e o diferencial de produtividade da economía española con respecto ás economías máis produtivas da área euro, pode intuírse que, unha vez superada a crise, ao capitalismo español lle será moi custoso recuperar competitividade, pois non só é deficitario no punto de partida, senón que as condicións para superar a crise son especialmente gravosas para un capitalismo no que a cultura empresarial se escribe con letra pequena. O capitalismo español non só necesita dunha profunda reestruturación, senón que precisa sobre todo dunha boa dose de calvinismo se quere ser homologado con outros capitalismos europeos.

A crise actual permitiu que se recuperen algúns niveis de sensatez que se perderan no remuíño do neoliberalismo que nos invadiu. O espellismo que xerou no seu día o Tratado de Maastricht e a entrada de España na área euro impedían aceptar que unha área integrada de alto nivel só funciona entre iguais, onde os factores reais –a produtividade total dos factores, a formación bruta de capital fixo, a estrutura produtiva, o nivel tecnolóxico, os salarios reais ou a eficiencia dos entes públicos– teñen características moi similares e niveis semellantes. España, e outras economías que tamén entraron a formar parte do club do euro, era neste contexto unha anomalía. O símil do atleta enfermo e debilitado que corre a maratón para demos-

trar que tamén el é un atleta vén ben ao caso pois, se chega á meta, estará esgotado e con apenas forzas para gozar dos meles da gloria.

A área euro respondía máis ben aos intereses do capital da área do marco alemán que, pola súa vantaxe competitiva, se beneficiaría dun mercado ampliado. Para algúns dos países que forman parte da área euro tería sido máis adecuado manter as súas propias moedas e, sobre todo, a capacidade de deseñar políticas económicas en función dos seus intereses nacionais —como a política industrial ou a política monetaria e cambiaria—, ao tempo que a moeda nacional mantivese unha estreita relación e un tipo de cambio o máis estable posible co euro. Preferiuse queimar etapas —como xa sucedera no século XIX coa creación da área latina por parte de Francia, Italia e Suíza—, e á época de bonanza durante os sete primeiros anos de vixencia do euro seguiu unha fase de crise que nos enfronta á inexorable vixencia dos factores reais.

A debilidade e a dependencia da economía real en España con respecto ao sistema financeiro dificultan aínda máis a superación da actual crise económica. Desde a década de 1980 conséntase nos países capitalistas máis desenvolvidos un fenómeno común a todos eles, pero que no caso de EE.UU. é especialmente rechamante: o desmesurado incremento dos beneficios do sector financeiro no conxunto dos beneficios do sector privado. Así, en EE.UU. se os beneficios do sector financeiro representaban o 12% dos beneficios totais do sector privado, no ano 2008 representaban o 42%. Un proceso de concentración do beneficio ao que non pode ter sido allea a política de desregularización dos mercados financeiros ao longo deses anos. A economía real vive así un agudo proceso de fagotización por parte do sistema financeiro.

Tres anos despois do comezo da crise económica, pode afirmarse que esta crise afectará a numerosos ámbitos das sociedades influídos por ela. Posiblemente, a Unión Europea e a propia área euro operen unha vez superada a crise con actores diferentes. As institucións democráticas posiblemente tamén se vexan afectadas polo poder fáctico económico-financeiro. Non en van se fala de Gobernos de Goldman & Sachs, como ocorre cos casos de Grecia e de Italia. E a propia soberanía nacional, tan diminuída nos últimos vinte anos, e sobre todo desde o Tratado de Maastricht, viuse de novo afectada ao impoñer os países máis fortes da área euro políticas económicas que reforzan aínda máis, se é posible, o poder omnímodo dos mercados.

Ao proceso de desregularización seguiu o colapso económico. Cómpre preguntarse se o poder político se impoñerá sobre o poder do sector financeiro ou se, pola contra, a economía real terá que seguir sufrindo as consecuencias que lle impoña aquel. Hai serios indicios de que isto non vai ocorrer. As medidas tomadas ao longo do ano 2011 polos respectivos Gobernos en España —do PSOE e do PP— son un bo exemplo do que definiu M. Kalecky a raíz da crise do ano 1929: o paro masivo como fenómeno económico ten unha orixe que tamén é política. E é que as medidas que se están tomando para resolver o problema do paro masivo en España

son unha mostra de que non hai vontade política para tomar as decisións adecuadas que permitan atallar o problema en profundidade.

7. A MODO DE RESUMO

Todos os indicadores citados apuntan a que a herdanza do neoliberalismo en España, onde se constatan enormes desequilibrios económicos e sociais, fará que a crise sexa máis duradeira que na maioría das economías da área euro.

A sobreoferta de vivendas, que ao comezo da crise no ano 2008 se situaba en torno a 1,2 millóns de vivendas, tres anos máis tarde convértese nun enorme lastre que freará a recuperación económica durante varios anos máis.

Unha distribución da renda na que cada vez teñen máis peso os beneficios empresariais e que ten como resultado un capitalismo escasamente competitivo, con baixos niveis de produtividade e cun reducido esforzo en I+D.

A todo isto hai que sumar a precariedade social que xera a crise nunha sociedade que ten un dos niveis salariais máis baixos da zona euro, á vez que contabiliza un gasto social moi por baixo da media rexistrada na zona euro.

O desenvolvemento recente do capitalismo español puxo en evidencia que o neoliberalismo non é a solución senón que é, máis ben, o problema.

BIBLIOGRAFÍA

- AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT) (2006): *Memoria anual*. Madrid: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, AEAT.
- AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT) (2008): *Memoria anual*. Madrid: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, AEAT.
- ALBARRACÍN, J. *et al.* (1993): *La larga noche neoliberal*. Madrid: Instituto Sindical de Estudios Icaria.
- ALTAVATER, E. *et al.* (2009): *Krisenanalysen*. Hamburg: VSA-Verlag.
- ANALISTAS FINANCIEROS INTERNACIONALES: <www.afi.es>.
- BANCO DE ESPAÑA: *Indicadores Económicos*. <www.bde.es>.
- BBVA; IVIE (2009): *El ciclo inversor de la economía española. Capital y crecimiento*. (Estudios, 5). Banco Bilbao-Vizcaya-Argentaria/Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas.
- BELLAMY FOSTER, J.; MAGDOFF, F. (2009): *Implosion des Finanzmarktes und Stagnation. Zurück zur Realwirtschaft*. (Supplement der Zeitschrift Sozialismus, 2/2009). Hamburg: VSA-Verlag.
- BISCHOFF, J.; KRÜGER, S.; ZINN, K.G. (2008): *Finanzkrise, Überakkumulation, und die Rückkehr des Staates*. (Supplement der Zeitschrift Sozialismus, 12/2008). Hamburg: VSA.
- CC.OO., GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL (2007): *Los salarios en España*. Madrid: CC.OO.
- COTEC (2009): *Informe Cotec 2009: Tecnología e innovación en España*. Madrid: Cotec.
- CROUCH, C. (2003): *Posdemocracia*. Madrid: Taurus.

- ESPAÑA. MINISTERIO DE TRABAJO (2009): *Población Activa*. Madrid: Ministerio de Trabajo.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE VIVIENDA (2009): *Evolución histórica del parque de viviendas en España*. Madrid: Ministerio de Vivienda.
- EUROSTAT (2009): *Joint Employment Report*. Luxembourg: Eurostat.
- FUNDACIÓN DE LAS CAJAS DE AHORROS (FUNCAS): <www.funcas.es>
- GARCÍA MONTALVO, J. (2008): *De la quimera inmobiliaria al colapso financiera*. Barcelona: Bosch.
- GUAL, J.; ROSELL, S.J.; RUÍZ, A. (2006): *El problema de la productividad en España. ¿Cuál es el papel de la regulación?* (Documentos de economía “La Caixa”, 1). Barcelona: La Caixa, Servicio de Estudios.
- HERNÁNDEZ VIGUERAS, J. (2008): *La Europa opaca de las finanzas*. Barcelona: Icaria.
- HUFFSCHMID, J. (2010): *Kapitalismuskritik Heute. Zeitdiagnosen: Vom Staatsmonopolistischen Kapitalismus zum Finangetriebenen Kapitalismus*. Hamburg: VSA-Verlag.
- IESE; ADECCO (2007): *Euroíndice Laboral IESE-Adecco 2007*. Madrid: IESE/Adecco.
- IESE; ADECCO (2009): *Euroíndice Laboral IESE-Adecco 2009*. Madrid: IESE/Adecco.
- INE: *Encuesta de Población Activa*. Madrid: INE. <www.ine.es>.
- INE: *Indicadores Económicos*. Madrid: INE. <www.ine.es>.
- JACQUARD, A. (1995): *Yo acuso a la economía triunfante*: Santiago de Chile: Andrés Bello.
- LA CAIXA (2008): *Informe mensual* (abril). Barcelona: La Caixa, Servicio de Estudios.
- LA CAIXA (2009): *Informe mensual* (julio-agosto). Barcelona: La Caixa, Servicio de Estudios.
- LUTTWAK, E. (2000): *Turbocapitalismo*. Barcelona: Crítica.
- MARTÍN SECO, J.F. (1995): *La farsa neoliberal. Refutación de los liberales que se creen libertarios*. Madrid: Temas de Hoy.
- MARTÍN SECO, J.F. (2010): *La trastienda de la crisis*. Madrid: Península.
- MARTÍNEZ PAGÉS, J.; MAZA, L.A. (2009): *Análisis del precio de la vivienda en España*. (Documento de Trabajo, 0307). Madrid: Banco de España, Servicio de Estudios.
- MARX, K. (1964): *Das Kapital*, 25. MEW. Berlin: Dietz Verlag.
- MONTES, P. (2001): *La historia inacabada del euro*. Madrid: Trotta.
- NAVARRO, V. et al. (2006): *La situación social en España*. Madrid: Fundación F. Largo Caballero.
- NAVARRO, V.; TORRES LÓPEZ, J.; GARZÓN ESPINOSA, A. (2011): *Hay alternativas*. Madrid: Sequitur.
- NIÑO BECERRA, S. (2010): *El crash del 2010*. 15ª ed. Madrid: Los Libros del Lince.
- SOROS, G. (2008): *Para entender la crisis económica actual*. Madrid: Taurus.
- THE ECONOMIST (2008): “The Party’s Over. A Special Report on Spain”, *The Economist*, de 11/11/09.
- TINSA (2009): *Estadísticas e informes*. Madrid: TINSA. <www.tinsa.es>.
- TOLEDO, G. (2011): *Razones para la rebeldía*. Madrid: Península.
- VARGA, E. (1971): *La crisi del capitalismo e le sue conseguenze economiche*. Milano: Jaca.
- ZINN, K.G. (2006): *Wie Reichtum Armut schafft. Verschwendung, Arbeitslosigkeit und Mangel*. Köln: PapyRossa Verlag.
- ZINN, K.G. (2009): *Die Keynesche Alternative*. Hamburg: VSA-Verlag.